

O PSOE súmase ao acto simbólico dos entroidos de Salcedo e Ribeiro para solicitar á Xunta de Galicia a súa declaración como *Festa de Interese Turístico Galego*

Este sábado en Chantada realizarase un acto reivindicativo para reclamar ao Goberno Galego que outorgue, dunha vez por todas, dita distinción a estes festexos dos concellos do Sur da provincia

Representantes das asociacións veciñais e culturais sairán á rúa cos traxes típicos dos entroidos para chamar a atención do Goberno de Feijóo

O PSOE da provincia de Lugo reclama a súa declaración como recoñecemento ao intenso traballo que realizan as persoas que organizan ano a ano estes entroidos

CHANTADA E POBRA DE BROLLÓN, 26 DE MARZO DE 2015.- As inmediacións do edificio sindical de Chantada acollerá este sábado un acto reivindicativo organizado polas asociacións veciñais e culturais organizadoras dos entroidos de Salcedo, no concello de Pobra de Brollón, e o de Ribeiro, en Chantada, para reclamar á Xunta de Galicia que os declare *Festa de Interese Turístico Galego*. No acto participarán tamén varios representantes do PSOE da provincia de Lugo, como o deputado autonómico, Vicente Docasar, quen levou xa ao Parlamento dúas proposicións non de lei para instar ao Goberno galego que declare estes eventos como festa de interese turístico e unha serie de preguntas que o grupo socialista presentou ao Goberno de Feijoo para que aclarase a situación da solicitude da declaración.

Abandono da Xunta

Os organizadores da festa en Salcedo e Ribeiro levan varios anos loitando e agardando a que a Xunta de Galicia lles outorgue un recoñecemento institucional para estas ancestrais festas. No caso de Salcedo, a asociación rexistrara no seu día a documentación pertinente para a súa declaración, así como un estudo pormenorizado no que se abordaba a orixe, o significado do ritual e documentación gráfica sobre o evento, pero o PP deixou pasar anos sen non dar unha resposta ao respecto.

Por outra banda, a Asociación de Amigas e Amigos do Entroido de Ribeiro de Santiago de Arriba, para mantemento da tradición, contan unicamente coa axuda dada pola Deputación de Lugo (4.000 euros) e o Concello de Chantada (600 euros) pero nada da Xunta de Galicia.

As dúas festas están a sufrir unha clarísima falta de interese e abandono por parte da Xunta de Galicia e dos políticos do PP da provincia. Un abandono que incide tamén no turismo que promoven este tipo de eventos polo que están a esquecer a súa relevancia económica, turística e cultural para a Zona Sur da provincia, pero tamén para o turismo de Galicia.